



22 de Febreiro de 2013

Apreciados pais:

Estamos xa en plena Coresma, tempo de reflexión e profundización para chegar a gran festa dos seguidores de Xesús: a Pascua.

É momento apropiado para as nosas convivencias cos moz@s dea catequese; agora tócalle a quenda ao seu fill@ que está en 6º, 1º e 2º da ESO.

As convivencias coas súas dinámicas propias, xogos cooperativos e traballos en equipo, axudarán ao rapaz a crecer “por dentro” e ir adoptando un estilo de vida onde o importante sexa a tolerancia, o compartir e o ser antes que o posuír e o individualismo.

O traballo que nos supoñen as convivencias para nós, catequistas que tamén temos as nosas familias e compromisos, desexamos que se vexa correspondido co seu apoio e colaboración.

Traballamos os sábados , domingos e sempre, polo ben dos seus fill@s.

A convivencia será a fin de semana do 9 e 10 de marzo.

O encontro comenará o sábado a partires das 16:30h. ata o domingo 10 ás 12:00h. e terá lugar no Obradoiro parroquial.

P.D. O mozo traerá roupa deportiva, saco de durmir ou similar; utensilios para comer e beber e unha libreta cun bolígrafo; tamén en concepto de axuda aportarase 5 € para os gastos das comidas e material.

O lema da convivencia deste ano será: “Camiñando e coñecendo a Xesús.”

Os catequistas :

O voso Párroco:

---

Nós..... pais do moz@ ..... que cursa ..... e co teléfono ..... damos permiso para que poida participar na próxima convivencia dos días 9 e 10 de marzo de 2013 no Obradoiro Cultural da A Nosa Señora da Xunqueira.

Firma do moz@:

Firma dos pais: